



Datos Do Expediente:

ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLO PADROADO		
Unidade Tramitadora:		
Padroado de Cultura – CLL		
Número expediente:	Documento:	
CUL/2024/59	CUL18I02ZF	
4L4C 6S3F 3Y1X 0J64 0NH0		

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

Con data do 09/07/2024 a xerente do Padroado da Cultura emitiu a proposta de resolución con código (CUL18I02YS) que textualmente transcrita di:

“ASUNTO: DEVOLUCIÓN DA DIFERENZA COBRADA POLA TAXA, APROBADA CUN ERRO NO IMPORTE, POLA CELEBRACIÓN DOS “FESTIVAIS DE FIN DE CURSO DAS ESCOLAS DO PADROADO”, NO PAZO DA CULTURA OS DÍAS 31/05/2024 E 01/06/2024.

De conformidade co establecido no artigo 175 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, emítese o seguinte

INFORME-PROPOSTA:

ANTECEDENTES

Esta Presidencia aprobou por resolución (CUL18I01RZ), de data 20/05/2024, a celebración do “Festival de fin de curso da Escola de Bailes de salón” do Padroado, o día 31 de maio de 2024, ás 20:30 horas.

Esta Presidencia aprobou por resolución (CUL18I01SC), de data 20/05/2024, a celebración do “Festival de fin de curso das Escolas de Música e Baile Tradicional” do Padroado, o día 1 de xuño de 2024, ás 16:30 e 19:30 horas.

En ambas as dúas resolucións aprobouse que o prezo das entradas para o festival sería de 2,50€, e a recadación da billeteira integramente ingresada na conta do Padroado, con abono á aplicación orzamentaria 31201.

Detectado un erro no importe da taxa aplicada, debendo ser esta de 2,00 € en lugar de 2,50€, este Padroado convén na necesidade da devolución desa diferenza cobrada de máis, por importe de 0,50 €, aos interesados que o soliciten.

Poderá solicitarse a devolución a partir do día 10 de xullo de 2024, en horario de 08:30 a 13:30, nas oficinas do Pazo da Cultura, debendo solicitarse en instancia normalizada, acompañada do modelo de datos bancarios e as entradas obxecto da solicitude de devolución.

Unha vez resoltas as reclamacións, aprobaranse as devolucións, que serán realizadas por transferencia bancaria segundo os datos indicados na solicitude, e con cargo á aplicación de ingresos 31201 do Orzamento do Padroado do ano 2024.

A presente resolución será publicada na páxina web deste Padroado da Cultura e a través das redes sociais.



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- ✓ *Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*
- ✓ *Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.*
- ✓ *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.*
- ✓ *RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local.*
- ✓ *Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.*
- ✓ *Orzamento do Concello de Narón e o seu Padroado de Cultura e bases de execución do 2024.*
- ✓ *Regulamento de funcionamento e utilización de locais culturais rexidos polo Padroado da Cultura do Concello de Narón.*
- ✓ *Ordenanza fiscal nº 14 Reguladora da taxa por servizos prestados polo Padroado da Cultura.*
- ✓ *Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, do 14 de marzo.*

PROPOSTA

Logo de ver os antecedentes expostos e a normativa citada nos apartados anteriores, a xerente que subscribe, propón á Presidencia a adopción dos acordos seguintes:

PRIMEIRO: *Aprobar a devolución do importe da taxa cobrada de máis, por erro, a cal aprobouse por 2,50€ en lugar de 2,00€, pola celebración do “Festival de fin de curso da Escola de Bailes de salón” do Padroado, o día 31 de maio de 2024, ás 20:30 horas; e do “Festival de fin de curso das Escolas de Música e Baile Tradicional” do Padroado, o día 1 de xuño de 2024, ás 16:30 e 19:30 horas, no Pazo da Cultura.*

SEGUNDO: *As devolucions, por importe de 0,50 €, deberán ser solicitadas polos interesados no prazo habilitado, que será dende o 10 de xullo de 2024, en horario de 08:30 a 13:30, nas oficinas do Pazo da Cultura, debendo solicitarse en instancia normalizada, acompañada do modelo de datos bancarios e as entradas obxecto da solicitude de devolución.*

Unha vez resoltas as reclamacións, aprobaranse as devolucions, que serán realizadas por transferencia bancaria segundo os datos indicados na solicitude, e con cargo á aplicación de ingresos 31201 do Orzamento do Padroado do ano 2024.

TERCEIRO: *Dar conta aos Servizos Económicos do Padroado da Cultura para que produza efectos, e á Xunta do Padroado.”*

Esta Presidencia, no uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente,

RESOLVE:

Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.

**Ante min.
(Dou fe da identidade do asinante)**